



Ornela Fernández Salgado, portavoz do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 29/10/2008

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Rectoral de Santa Cristina de Cobres presenta un estado de ruína, acentuándose, aínda máis, o seu deterioro nos últimos anos, abríndose fendas en elementos estruturais, que poderían pór en perigo a casa e mesmo as persoas.

Sábese que as asociacións da mesma están xestionando o seu uso público desde hai anos coa Igrexa, propietaria actual do inmovible. Coa adquisición evitaríase que fose vendida ao sector privado como puido acontecer hai varios meses.

A principios do ano 2007, a Comunidade de Montes de Santa Cristina convocara unha reunión cos tres grupos políticos para tratar este asunto, obtendo como resultado o compromiso para adquisición do edificio por parte do Concello.

Esta é unha reivindicación da parroquia, sentida por todos os veciños e veciñas, desde hai moitos anos. Nos anos 70, coa construción da autoestrada AP-9, estiveran a piques de expropiala, pero grazas as protestas dos veciños e veciñas da parroquia conseguise que o edificio continuase en pé.

Este é un investimento estratéxico para a parroquia que podería converter o lugar nun referente para actividades sociais e xuvenís, dado o seu lugar ben situado e céntrico.

Por todo isto **SOLICITA:**

Primeiro. O Concello de Vilaboa, empregando o remanente de tesourería existente, comprará a Rectoral de Santa Cristina de Cobres para o seu posterior uso público.

Vilaboa, 29 de setembro de 2008.

Ornela Fernández Salgado.

AO SR ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA